

## XULLO 2018

Tab. 1. Viaxeiros, noites, estadía media e graos de ocupación en Estab. Hoteleiros. Xullo 2018

	ESPAÑA		GALICIA	
	Nº	Var. Int. 18/17	Nº	Var. Int. 18/17
<b>VIAXEIROS</b>	11.686.283	-1,9%	497.692	-15,2%
<b>NOITES</b>	42.698.817	-2,2%	1.127.716	-10,9%
<b>ESTADÍA MEDIA</b>	3,65	-0,3%	2,27	5,1%
<b>% OCUPACIÓN</b>	71,07%	-1,77	50,50%	-3,18
<b>% OCUPACIÓN Fds</b>	75,93%	-0,65	59,81%	0,91

Fonte: Elaboración propia a partir de EOH

- No pasado mes de xullo rexístrase unha caída dos niveis de demanda hoteleira en Galicia en relación ao mesmo período do pasado ano. En particular, descende a cifra de viaxeiros aloxados – un 15,2%- e o volume de noites –un 10,9%-.
- Tal circunstancia rompe cunha tendencia positiva de crecemento da demanda nos últimos cinco anos. En particular, logo das caídas rexistradas en 2011 e 2012, o volume de pernoctacións recupérase en xullo de 2013 –un 5,0%- como paso previo aos crecementos rexistrados en 2014 –do 3,7%-, en 2015 –do 16,5%-, en 2016 –do 10,5% e en 2017 –do 5,2%-. O descenso de xullo deste 2018 coloca o nivel final en algo máis de 1,1 millóns de noites –cifra inferior á de 2016 e 2017 mais superior á serie anterior-.
- En termos de viaxeiros aloxados a evolución é equivalente, rompéndose en 2018 a tendencia positiva rexistrada nos cinco anos anteriores e que levaran a colocar o volume final en preto de 590 mil en xullo do pasado ano. O descenso deste 2018 sitúa o nivel en preto do medio millón de viaxeiros aloxados –a cifra máis baixa dos últimos catro anos-.
- En termos de volume a variación da demanda tradúcese na perda de 89 mil viaxeiros aloxados e de algo máis de 138 mil noites en relación ao mes de xullo do pasado ano.
- A nivel estatal obsérvase un comportamento semellante pero de menor intensidade. No conxunto de España rexístrase un leve descenso da cifra de viaxeiros aloxados –do 1,9%- así como do volume de noites –do 2,2% neste caso-.
- Obsérvase un comportamento dispar da demanda hoteleira a nivel das comunidades autónomas. Neste mes o volume de noites sobe e mellora en seis delas sendo Extremadura novamente o destino de mellor comportamento relativo, isto é, a comunidade que presenta o incremento de maior intensidade –cunha suba do 6,1%-. Seguen en orde de importancia Castela A Mancha e o País Vasco –ambas cun incremento superior ao 4% interanual-.
- No lado contrario é Aragón o destino que presenta o crecemento máis moderado, de apenas medio punto.
- En dous destinos mantense estable o nivel de demanda –Cantabria e Andalucía- mentres que nove son os que presentan un comportamento negativo, isto é, os que rexistran unha caída da

demanda en relación ao pasado ano. Murcia rexistra o descenso máis moderado, do 1% interanual, mentres que Galicia rexistra a caída de maior intensidade, do 10,9% neste caso.

- En termos de viaxeiros aloxados o ranking é semellante, con variacións de diferente dirección e intensidade- Estremadura lidera tamén neste caso, xunto con Madrid, o incremento a nivel estatal –coa suba próxima ao 5%- mentres que, no lado contrario, é Galicia o destino de peor comportamento relativo –rexistra a caída de maior intensidade cun 15,2% neste caso-.
- A nosa comunidade é, por tanto, o destino de peor comportamento relativo neste sétimo mes do ano, circunstancia que afecta tanto á cifra de viaxeiros aloxados coma ao volume de noites.
- Baleares –con máis de 10,7 millóns de pernoctacións hoteleiras- é o destino que lidera o mercado turístico hoteleiro neste mes de xullo –absorbendo o 25,1% do total estatal-. É o terceiro mes consecutivo no que se produce tal circunstancia pois ata abril era Canarias o destino de maior volume e peso no conxunto da demanda hoteleira estatal –lideraba o mercado hoteleiro en temporada baixa-.
- Logo de Baleares, seguen en orde de importancia neste mes Cataluña –con pouco máis de 7,9 millóns de pernoctacións-, Andalucía –con preto de 6,6 millóns de pernoctacións-, Canarias –con máis de 6,4 millóns-, a C. Valenciana –con máis de 3,5 millóns- e Madrid –con pouco máis de 2,1 millóns neste caso-. Só estas seis comunidades absorben en conxunto ao 87% do total da demanda hoteleira de España. O 13% restante repártese no resto do territorio. Galicia ocupa neste mes a sétima posición –xusto por detrás das seis anteriores- representando o 2,6% do total estatal.
- En termos de mercado obsérvase un comportamento algo diferente dos tres grandes segmentos, con estabilidade do mercado interno e caídas do receptor.
- O turismo interno –aquele representado polos residentes en Galicia- mantense estable, en niveis semellantes aos do pasado ano. Un leve descenso da cifra de viaxeiros amortíguase cunha suba paralela da estada media, o que mantén estable o volume final de noites en pouco máis de 254 mil. Tal circunstancia contrasta coa caída rexistrada no pasado ano, do 3,6%, e cos incrementos que se viñan observando de 2013 a 2016. A tendencia é, por tanto, dispar nestes últimos anos.
- O mercado receptor nacional –aquele conformado polos españois procedentes doutras comunidades autónomas- presenta un comportamento negativo, cun descenso do 12,4% no volume de noites en relación ao pasado ano 2017 –consecuencia da caída paralela da cifra de viaxeiros españois, do 19,0% neste caso-. Este descenso contrasta coas subas rexistradas nos anos anteriores –de 2013 a 2017- e sitúa o volume final de noites do mercado receptor nacional en 647 mil neste mes de xullo –a cifra máis baixa dos últimos tres anos-.
- O turismo internacional presenta tamén un descenso da demanda en relación ao pasado ano. A cifra de viaxeiros aloxados cae un 19,4% e o volume de pernoctacións un 17,1%, contribuíndo desta maneira ao comportamento negativo da demanda.
- O descenso deste ano rompe cunha serie de crecementos consecutivos nos cinco anos anteriores, con subas do 13% en xullo de 2013, do 12% en 2014, do 20% en 2015, do 1% en 2016 e do 12% en 2017. Esta caída sitúa o nivel final en máis de 226 mil noites –a cifra máis baixa dos últimos catro anos-.
- Neste mes o peso do turismo internacional sitúase no 20% do total da demanda hoteleira, cifra baixa como corresponde a un mes de temporada alta pois no verán tradicionalmente o segmento

de maior volume e peso é o receptor nacional –representa neste mes de xullo o 57,4% do total das noites hoteleiras-. O mercado interno absorbe neste caso ao 22,5% do total da demanda.

- A nivel territorial obsérvase un comportamento negativo da demanda hoteleira, con caídas xeneralizadas de diversa intensidade. Lugo é a provincia de peor comportamento relativo pois presenta o descenso máis acusado, do 20% neste caso. En A Coruña a caída aproxímase ao 9% interanual, en Pontevedra sitúase no 11% mentres que en Ourense rexístrase o descenso menos acusado, do 4,6% neste caso. En termos xerais o descenso do volume de pernoctacións vén como consecuencia de caídas paralelas da cifra de viaxeiros aloxados.
- Con máis de medio millón de noites hoteleiras, Pontevedra é a provincia que absorbe o maior volume de demanda no conxunto da comunidade –representando o 45,4% do total-. Acontece tal circunstancia por vez primeira neste ano pois ata o mes de xuño é A Coruña a provincia de maior peso en Galicia –neste mes absorbe ao 39% do total das noites hoteleiras-. Ambas, por tanto, representan o 84% do total da demanda hoteleira da comunidade, cifra notable e mesmo superior á que se rexistra noutros momentos do ano. Acentúase, por tanto, a concentración da demanda nas provincias do litoral atlántico nos meses do verán en relación ao resto do ano.
- A estadía nos hoteis e pensións de Galicia incrementábase neste mes de xullo –un 5,1%-, situándose en case 2,3 noites de media. É o terceiro ano consecutivo no que mellora a estadía media neste sétimo mes do ano, rompendo coa serie de caídas consecutivas desde practicamente o 2009. Estes incrementos permitiron mellorar en máis de tres décimas a cifra de xullo de 2015 –cando quedaba por debaixo das dúas noites-. Con este incremento o sector hoteleira acada a cifra de estadía media máis elevada dos últimos sete anos.
- A estadía media hoteleira de Galicia sitúase nunha posición media no conxunto do Estado. Canarias marca o valor máis elevado con 7,2 noites de media, mentres que Estremadura rexistra a cifra máis baixa, con case 1,6 noites neste caso.
- O descenso dos niveis de demanda prodúcese nun contexto de caída paralela da oferta dispoñible, se ben con menor intensidade –o volume de prazas ofertadas descende un 4,9%-, circunstancia que leva a un empeoramento do nivel de ocupación do sector –en particular, cae en 3,2 puntos porcentuais para situarse no 50,5% de media-. Descende o nivel de ocupación logo de rexistrar melloras consecutivas nos últimos cinco anos, circunstancia que coloca o dato deste ano no máis baixo desde o 2015.
- En comparación coas restantes comunidades autónomas Galicia rexistra neste mes a sexta cifra de ocupación máis baixa do conxunto do Estado –por diante de A Rioxa, Aragón, Castela e León, Estremadura e Castela A Mancha-. Baleares é o destino que lidera o ranking dos niveis de ocupación a nivel estatal cun 89,5% en xullo. Seguen Canarias –cun 80,7%-, a C. Valenciana –cun 74,0%- e Cataluña –cun 73,6% neste caso-. A media do conxunto de España sitúase no 71,1%.
- En termos dinámicos obsérvase que o nivel de ocupación varía de forma dispar a nivel das comunidades autónomas sendo maioría nas que descende. Sobe e mellora en catro delas – Estremadura é o destino de incremento máis destacado, de case tres puntos-, mantense estable en Baleares e descende nas doce restantes. Cataluña marca neste mes o descenso máis acusado, de catro puntos porcentuais neste caso.
- As tarifas hoteleiras en Galicia soben levemente neste sétimo mes do ano –un 2,5% en particular- situándose en 63,2 euros de media –a sexta cifra máis baixa do conxunto do Estado-. Mellora a

súa posición en relación ao primeiro semestre do ano, sobre todo en comparación cos primeiros meses cando Galicia rexistraba sempre a tarifa máis baixo do conxunto do Estado.

- Baleares é o destino que presenta as tarifas hoteleiras máis elevadas neste mes de xullo con 123,4 euros de media –por terceira vez neste ano Canarias non ocupa este lugar-. Acadan tamén cifras importantes, por encima da media estatal, Andalucía –con 107,2 euros-, Cataluña –con 106,5 euros- e o País Vasco –con 102,4 euros neste caso-. Son catro as comunidades que se sitúan por encima da media estatal, que neste mes queda levemente por encima dos 100 euros de media.
- Os prezos hoteleiros varían de forma dispar nas diferentes comunidades autónomas sendo maioría aquelas nas que melloran en relación ao pasado ano. Baleares é o destino que presenta o incremento máis destacado cun 6,3%, seguido da C. Valenciana cun 5,2%. Mantéñense estables en Extremadura e Castela A Mancha e descenden en Murcia e Navarra –un 5,8% nesta última-.
- A caída dos niveis de ocupación neste mes de xullo –froito dun descenso da demanda superior á caída da oferta-, nun contexto no que soben levemente as tarifas, leva a que os establecementos hoteleiros de Galicia empeoren os niveis de rendibilidade en relación ao mesmo período de 2017 –o RevPAR cae un 3,3% ata situarse en 33,5 euros de ingreso medio por habitación dispoñible, a sexta cifra máis baixa do conxunto do Estado-.
- Os establecementos hoteleiros de Baleares –con 110,3 euros de ingreso medio por habitación dispoñible- son os que presentan un maior nivel de rendibilidade neste mes de xullo. Sitúanse por diante das restantes comunidades entre as que destacan Cataluña e o País Vasco –ambas por encima dos 80 euros-.
- En termos dinámicos obsérvase igualmente un comportamento dispar a nivel das comunidades autónomas sendo maioría as que presentan cifras positivas. Os niveis de rendibilidade hoteleira melloran en dez destinos sendo neste caso Extremadura o que amosa o incremento máis notable, do 9,3% en relación ao pasado ano. Mantéñense estables en Castela e León, e descenden nos seis destinos restantes. Navarra marca a caída máis notable, cun descenso do 6,7%.

## ACUM. XULLO 2018

Tab. 1. Viaxeiros, noites, estadía media e graos de ocupación en Estab. Hoteleiros. Acum. Xullo 2018

	ESPAÑA		GALICIA	
	Nº	Var. Int. 18/17	Nº	Var. Int. 18/17
<b>VIAXEIROS</b>	59.534.472	0,6%	2.201.183	-7,9%
<b>NOITES</b>	190.037.285	-0,7%	4.301.529	-4,8%
<b>ESTADÍA MEDIA</b>	3,19	-1,2%	1,95	3,5%
<b>% OCUPACIÓN</b>	58,75%	-0,78	34,77%	-0,05

Fonte: Elaboración propia a partir de EOH

- Nos primeiros sete meses deste ano 2018 Galicia rexistra unha caída dos niveis de demanda hoteleira en relación ao mesmo período do pasado ano. En particular, descende a cifra de viaxeiros aloxados –un 7,9%, acadando 2,2 millóns- e o volume de noites –un 4,8% neste caso, con 4,3 millóns no conxunto da comunidade-.
- O descenso deste ano rompe cunha serie de crecementos consecutivos nos catro anteriores. Logo das caídas rexistradas no trienio 2011-13, a demanda hoteleira consegue mellorar no acumulado a xullo de 2014 –un 4,0%- con carácter previo aos incrementos do 10,1% en 2015, do 6,5% en 2016 e do 7,7% en 2017. A caída deste ano, aínda que non moi notable, rompe esta dinámica e coloca o nivel final en 4,3 millóns de noites –cifra obviamente inferior á do pasado ano máis superior a toda a serie anterior-.
- En termos de viaxeiros aloxados a evolución é paralela rexistrando neste 2018 pouco máis de 2,2 millóns no conxunto da comunidade, cifra inferior á dos dous anos anteriores mais superior á serie anterior neste caso.
- En termos de volume a variación tradúcese na perda de case 190 mil viaxeiros aloxados e de preto de 215 mil pernoctacións en relación ao conxunto dos primeiros sete meses de 2017.
- A nivel estatal obsérvase un comportamento algo diferente. No conxunto de España rexístrase un leve incremento da cifra de viaxeiros aloxados –do 0,6%- mais descende en paralelo o volume de noites –un 0,7%- como consecuencia dun descenso da estadía media. Son en todo caso variacións pouco significativas que falan máis ben de certa estabilidade dos niveis de demanda en relación ao pasado ano.
- O comportamento da demanda a nivel das comunidades autónomas é moi dispar neste período de sete meses. En particular, sobe e mellora en once delas –sendo Extremadura e Murcia os destinos que rexistran os crecementos máis intensos, do 6,3% e 4,3% respectivamente-. No lado contrario son Cantabria e Baleares os destinos de crecemento máis moderado, inferior ao 1% interanual.
- A demanda cae nas seis comunidades restantes, con menor intensidade en Castela e León –case un 2%- e de forma máis acusada en Galicia –cunha caída do 4,8% neste caso-.

- Similar comportamento se observa no lado dos viaxeiros aloxados, onde se aprecian variacións dispares. Once delas melloran as cifras do pasado ano –encabezando Estremadura o ranking cun incremento do 5,5%-, mantense estable en Canarias e descende nas cinco restantes –sendo Galicia o destino coa caída máis notoria, do 7,9% neste caso-.
- Así pois, no acumulado ata o mes de xullo Galicia marca o peor comportamento relativo da demanda a nivel estatal, rexistrando os descensos máis acusados tanto na cifra de viaxeiros aloxados coma no volume de noites.
- Canarias –con preto de 39,4 millóns de pernoctacións hoteleiras- é o destino que lidera o mercado turístico hoteleiro neste período –absorbendo o 20,7% do total estatal-. Seguen en orde de importancia Baleares –con case 32,6 millóns de pernoctacións-, Cataluña –con preto de 31,9 millóns de pernoctacións-, Andalucía –con 30,0 millóns-, a C. Valenciana –con preto de 16,6 millóns- e Madrid –con case 14,1 millóns neste caso-. Só estas seis comunidades absorben en conxunto ao 87% do total da demanda hoteleira de España. O 13% restante repártese no resto do territorio destacando Castela e León por encima das restantes. Galicia ocupa neste período a oitava posición –por detrás de todas as anteriores- representando o 2,3% do total estatal.
- En termos de mercado obsérvase un comportamento algo diferente dos grandes segmentos, con variacións de diversa intensidade.
- O turismo interno –aquele representado polos residentes en Galicia- mantense estable en relación ao pasado ano. O leve descenso da cifra de viaxeiros –do 1,1%- compénsase cunha mellora paralela da estadía media que consegue estabilizar o volume de noites. Son variacións de baixa intensidade que en todo caso dan continuidade á tendencia positiva dos catro anos anteriores, de 2014 a 2017. O nivel final deste período de sete meses sitúase en preto de 1,2 millóns de noites – a cifra máis elevada da década-.
- O mercado receptor nacional –aquele conformado polos españois procedentes doutras comunidades autónomas- presenta en cambio un comportamento negativo cun descenso do 6,5% no volume de noites hoteleiras –provocado en grande medida pola caída da cifra de viaxeiros españois, do 9,3% neste caso-. O descenso deste ano rompe cunha tendencia de crecementos consecutivos desde o 2014 e deixa o nivel final en preto de 2,1 millóns de noites –a segunda cifra máis elevada desde o 2010-.
- O turismo internacional presenta tamén un comportamento negativo neste período. O volume de pernoctacións cae un 6,8% como consecuencia esencialmente dun descenso da cifra de viaxeiros estranxeiros, do 12,4%, nun contexto de mellora da estadía media.
- Este descenso rompe cunha serie de crecementos consecutivos nos cinco anos anteriores, circunstancia que permitira acadar máximos históricos xustamente en 2017 con máis de 1,12 millóns de noites. A caída deste 2018 sitúa o nivel final por encima do millón de noites, a segunda cifra máis elevada da serie histórica.
- Case a metade da demanda hoteleira corresponde ao turismo receptor nacional, segmento de maior peso neste período –representa en sentido estrito o 48% do total-. O mercado interno representa o 27,7% mentres que o internacional supón o 24,4% do total –cifra que tamén descende en relación ao pasado ano-.

- A nivel territorial obsérvase un comportamento relativamente paralelo da demanda hoteleira. O volume de noites consegue estabilizarse só na provincia de Ourense mais cae nas tres provincias restantes: un 6,4% en A Coruña, un 4,8% en Lugo e un 3,8% en Pontevedra.
- Con máis de 1,8 millóns de noites hoteleiras, A Coruña é a provincia que absorbe o maior volume de demanda no conxunto da comunidade –representando o 42,2% do total-.
- A estadía media nos hoteis e pensións de Galicia sitúase en 1,95 noites, cifra que supera nun 3,5% o dato do mesmo período do pasado ano. É o terceiro ano consecutivo no que mellora a estadía media na nosa comunidade, conseguindo recuperar parte do perdido nos cinco anos anteriores.
- O descenso dos niveis de demanda prodúcese nun contexto de caída da oferta dispoñible, de similar intensidade –o volume de prazas ofertadas descende un 4,5%- . Tal circunstancia ten como consecuencia que se estabilizan os niveis de ocupación do sector ficando no 34,8% de media para o conxunto dos primeiros setes meses deste ano.
- Con isto son seis anos consecutivos de comportamento positivo da ocupación hoteleira no conxunto dos primeiros sete meses do ano, por motivos diferentes –de 2013 a 2017 mellora nun contexto positivo de crecemento da demanda e agora en 2018 estabilízase por unha caída da oferta case equivalente ao descenso da demanda-.
- En comparación coas restantes comunidades autónomas Galicia rexistra neste período a terceira cifra de ocupación máis baixa do conxunto do Estado. Baleares e Canarias son os destinos que lideran o ranking dos niveis de ocupación a nivel estatal con pouco máis do 75% de media en ambos. Seguen a C. Valenciana e Madrid –ambas cunha cifra próxima ao 60%- . A media do conxunto de España sitúase no 58,75%.
- No conxunto dos primeiros sete meses do ano obsérvase certa mellora das tarifas hoteleiras en Galicia. En particular, increméntanse nun 1,9% en relación ao mesmo período do pasado ano situándose en 56,3 euros. Tal circunstancia non se reflicte en cambio nos niveis de rendibilidade empresarial. O RevPAR hoteleiro amosa unha leve caída –do 0,7%- provocada por un leve axuste da oferta e dos niveis de ocupación. A cifra sitúase en 23,5 euros de ingreso medio por habitación ocupada.
- O ingreso total do sector hoteleiro en Galicia neste período de sete meses estímase en pouco máis de 145 millóns de euros, cifra que descende nun 1,3% en relación ao mesmo período do pasado ano.